

Curso 2025/26

# PROGRAMA ESCOLAR MPG

---

Actividades e obradoiros  
didácticos.  
ESO e Bacharelato.

Este programa conta co patrocinio especial do Concello de Santiago de Compostela.

## Museo do Pobo Galego



# 2º TRIMESTRE: ENTROIDO

## DESENMASCARAR O ENTROIDO

Neste xogo de descuberta, o alumnado percorrerá a exposición temporal desenmascarando curiosidades desta celebración do noroeste da península Ibérica.

- Dirixida ao alumnado de 1º, 2º e 3º da ESO.
- Actividade dinamizada polo DEAC.
- Duración de 75 minutos.
- Máximo de participantes por sesión: 25
- Datas e horario: de martes a venres de 11h a 14h.
- Prezo: 1€ por alumna/o. De balde para centros socios.

Este actividade tamén se pode facer de maneira autónoma e gratuíta, solicitando os materiais no correo-e do departamento.

## EnMASCARADAS

Visita comentada á exposición temporal para abordar diferentes rituais de inverno, reflexionando sobre os comportamentos das máscaradas.

- Dirixida ao alumnado de 4º da ESO e Bacharelato.
- Actividade dinamizada polo DEAC.
- Duración de 75 minutos.
- Máximo de participantes por sesión: 25
- Datas e horario: de martes a venres de 11h a 14h.
- Prezo: 1€ por alumna/o. De balde para centros socios.

## MICE PETÍS

Mice Petís é a sección didáctica para centros escolares da Mostra Internacional de Cinema Etnográfico, que celebraremos en marzo de 2026. Para os centros ofrecémosvos sesións cinematográficas no Museo.

- Dirixido a ESO e Bacharelato.
- Duración de 50 minutos.
- Datas e horario a escoller entre o 24 de febreiro ao 4 de marzo, reservándoas en [servizosdeac@museodopobo.gal](mailto:servizosdeac@museodopobo.gal)
- Prezo: 1€ por alumna/o. De balde para centros socios.

## VISITAS Á EXPOSICIÓN TEMPORAL DAS ESCULTURAS DO MESTRE MATEO

Visitas gratuítas para grupos de secundaria e bacharelato á **exposición temporal das esculturas do Mestre Mateo**, Abraham/Xeremías e Isaac/Ezequiel, recuperadas polo Concello de Santiago de Compostela, logo de seren espoliadas polo franquismo.

Máximo de 25 alumnos e alumnas

Máis información e solicitudes en [servizosdeac@museodopobo.gal](mailto:servizosdeac@museodopobo.gal)

# 3º TRIMESTRE: FOROS

## A TERRA EN TRES VOCES

Con dinámica de xogo de pistas o alumnado non só percorrerá as salas do Museo, senón tamén parte da historia de Galicia, aprendendo que significou ser foreiro e foreira tentando conseguir os medios precisos para facerse coa propiedade da terra.

- Dirixida ao alumnado de 1º, 2º e 3º da ESO.
- Actividade dinamizada polo DEAC.
- Duración de 75 minutos.
- Máximo de participantes por sesión: 25
- Datas e horario: de martes a venres de 11h a 14h.
- Prezo: 1€ por alumna/o. De balde para centros socios.

## RECORTAR OS MARCOS

Visita comentada polo edificio de Bonaval e as salas do Museo que nos servirán de pretexto para falar sobre o sistema foral e o devir da historia que desembocou na súa redención.

- Dirixida ao alumnado de 4º da ESO e Bacharelato.
- Actividade dinamizada polo DEAC.
- Duración de 75 minutos.
- Máximo de participantes por sesión: 25
- Datas e horario: de martes a venres ás 11h ou ás 12h.
- Prezo: 1€ por alumna/o. De balde para centros socios.

## ... E durante todo o curso, **XOGOS DE PISTAS**

Xogos de descuberta orientados para toda a ESO e Bacharelato que servirán de achegamento xeral, didáctico e lúdico aos contidos etnográficos do Museo.

- Actividade dinamizada polo DEAC. Prezo: 1€ por alumna/o. Centros socios de balde.
- Duración de 50 minutos.
- Máximo de participantes por sesión: 25.
- Datas e horario: de martes a venres de 11h a 14h.

# ACTIVIDADES AUTÓNOMAS

Ofrecémosvos diferentes actividades autónomas, é dicir, dirixidas polo profesorado a través de materiais que vos enviamos con antelación. Poderedes desfrutar dos contidos da colección permanente mediante diferentes dinámicas adaptadas a cada tramo educativo.

Podedes escoller entre:

1. **Museo en test** \_\_\_\_ Para 1º e 2º da ESO.
2. **Quebracabezas temático** \_\_\_\_ Para 3º e 4º da ESO e Bacharelato.
3. **A fórmula Andrade** \_\_\_\_ Xogo matemático para todo o ciclo da ESO.
4. **Remuíño de pistas** \_\_\_\_ Para centros en intercambio.  
(Dispoñible en castelán, portugués, francés e inglés)

- Actividades dirixidas polo profesorado.
- Prezo de balde mais lembrade que o centro debe traer os materiais impresos.
- Duración aproximada de 60 minutos.
- Máximo de 30 participantes en cada quenda (agás na *Fórmula Andrade* que o máximo é de 16). Poden realizar a actividade quendas de 30 cada 30 minutos.
- Datas e horario: de martes a venres de 11h a 18h.
- Aínda que sexan visitas autónomas, sen a mediación do departamento de educación, debes ter a reserva confirmada a través do correo-e [servizosdeac@museodopobo.gal](mailto:servizosdeac@museodopobo.gal)

---

## INFORMACIÓN PARA CONCERTAR A VISITA

### • HORARIO

Atención telefónica: de martes a venres de 09h30 a 15h.

Atención de grupos en sala: de martes a venres de 11h a 14h.

As actividades libres ou autónomas pódense facer no [horario de apertura do Museo](#).

### • RESERVA DE ACTIVIDADES

A través deste [formulario](#).

### • PREZOS

Entradas de balde para estudantes menores de 18 anos. Para estudantes maiores de 18 anos o prezo está reducido a 2€.

As actividades co DEAC teñen o coste de 1€ por alumna/o. Son gratuítas para centros socios.

As actividades libres ou autónomas son de balde.

### • DATOS DE CONTACTO



[servizosdeac@museodopobo.gal](mailto:servizosdeac@museodopobo.gal)



Luns no 604 066 159. De martes a venres no 981 583 620 · Tede en conta que moitas veces estamos en sala, polo que a mellor forma de contactarnos é vía correo-e